








# Contidos fundamentais

## RESUMO

<p><b>Características</b></p>	<p>Reproducción sexual e fecundación interna. Vivíparos. Os gametos masculinos son os espermatozoides e os femininos, os óvulos. Comprende estes procesos: gametoxénese, fecundación e formación do cigoto, desenvolvemento embrionario, parto, desenvolvemento e maduración dos órganos sexuais. Reproducción e sexualidade son dous conceptos diferentes.</p>	
<p><b>Caracteres sexuais</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Primarios. Preséntanse desde o nacemento. Son os órganos sexuais.</li> <li>• Secundarios. Aparecen durante a puberdade. Nos rapaces: voz grave, barba, pelo na pube e axilas e aumento da masa ósea e muscular. Nas rapazas: voz aguda, crecemento dos peitos e das cadeiras e pelo na pube e axilas.</li> </ul>	
<p><b>Aparello reprodutor</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aparello reprodutor masculino: testículos, pene, vías reprodutoras e glándulas anexas.</li> <li>• Aparello reprodutor feminino: Órganos internos: ovarios, trompas de Falopio, útero e vaxina. Órganos externos ou vulva: labios maiores, labios menores, clítoris e orificio vaginal.</li> </ul>	
<p><b>Ciclo sexual feminino</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciclo ovárico. Cambios nos ovarios inducidos polas hormonas hipofisarias. En cada ciclo madura un folículo e libérase un óvulo.</li> <li>• Ciclo uterino. Cambios relacionados cos estróxenos e a proxesterona producidos polos ovarios. Se o óvulo é fecundado, a parede do útero prepárase para aloxar o embrión. Se non hai fecundación, o óvulo morre e parte do endometrio despréndese, orixinando a menstruación.</li> </ul>	
<p><b>Fecundación, embarazo e parto</b></p>	<p>A fecundación é a unión dun óvulo e un espermatozoide para formar un cigoto. Prodúcese nas trompas de Falopio. O cigoto divídese e, cara ao sexto día, implántase no endometrio e fórmase o embrión. Desenvólvense a placenta, o cordón umbilical e a bolsa amniótica. Aos tres meses pasa a chamarse feto e aos nove meses remata o seu desenvolvemento. O parto ten tres fases: dilatación, expulsión e libramento.</p>	
<p><b>Reproducción asistida e anticonceptivos</b></p>	<p>Técnicas de fecundación <i>in vitro</i> e inseminación artificial. Anticonceptivos: impiden que se produza un embarazo. Dous tipos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Naturais: sintomático-térmico, Ogino e <i>coitus interruptus</i>.</li> <li>• Artificiais: de barreira, químicos e cirúrxicos.</li> </ul>	
<p><b>Enfermidades de transmisión sexual</b></p>	<p>Segundo o microorganismo causante, clasifícanse en:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Bacterianas: sífilis e gonorrea.</li> <li>• Víricas: herpes xenital, papiloma, hepatite e sida.</li> <li>• Por fungos: candidíase.</li> </ul>	

## ACTIVIDADES

**1** Fai un debuxo dos gametos masculino e feminino e sinala as diferenzas entre ambos.

**2** Describe o desenvolvemento embrionario desde a fecundación ata o parto.